



ACTA DA REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN COLOMBÓFILA GALEGA CELEBRADA EN SANTIAGO O DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2014.

Na Cidade de Santiago de Compostela, sendo as dez horas e cinco minutos do día vinte e nove de Novembro do ano dous mil catorce, baixo a presidencia de D. Eliseo Castro López, presidente da Federación Colombófila Galega e actuando como Secretario D. Manuel Rey San Luis, reúnese a Asemblea Xeral da mesma, asistindo os membros que a continuación se relacionan:

PRESIDENTE:

D. Eliseo Castro López

ESTAMENTO DE CLUBS:

D. MANUEL A. FERNÁNDEZ MALLO (CIRCULO COLOMBÓFILO HERCULINO) Delegou a súa asistencia nesta persoa o Sr. Presidente D. Julio Alfonso Paz Ruiz
D. LOIS SEIJO CASTRO (SOCIEDAD COLOMBÓFILA LUCENSE)
D. CARLOS GARCÍA BALBOA (POMBAS DO SALNÉS)
D. JOSÉ R. GONZÁLEZ BOSCO (PALOMAS MENSAJERAS DE VIGO)
D. JOSÉ M. PICOS LÓPEZ (U.C.M. MARIÑAS ALTAS)
D. ANTONIO CAMILO PEREIRO FRANCÉS (POMBAS DO VAL MIÑOR)
D. ENRIQUE FREIRE SOBRAL (C.C. RIA DE PONTEVEDRA)
D. JOSÉ M. MACIEL COMESAÑA (P.M. DE NIGRAN)
D. ALFOSO M. POZACO GONZÁLEZ (C.C. PORRIÑO)

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:

D. OSCAR MARTINEZ MAÑANA
D. ROGELIO NOGUEIRA PORTAS
D. ALBERTO RICO RODRÍGUEZ
D. JUAN A. INSUA PÉREZ
D. DAVID MUIÑO GARCÍA

ESTAMENTO DE XUICES:

D. PEDRO BECERRA GONZÁLEZ

AUSENTES: Excusan a súa asistencia os seguintes membros:

D. ANGEL RIVEIRO OLIVEIRA (C.C. ALAS COMPOSTELANAS)
D. RAMÓN IGLESIAS FERNÁNDEZ (POMBAS DAS MARINHAS)
D. FERNANDO DE LA FUENTE ESTRAVIZ (M. DE CAMBRE)

Esta reunión axústase ó seguinte **Orden do día:**

- 1º.- Lectura e aprobación si procede da Acta da sesión anterior.*
- 2º.- Aprobación, si procede, dos resultados deportivos da tempada 2014*
- 3º.- Coñecemento do balance económico ao día da data.*
- 4º.- Orzamento económico para o ano 2015.*
- 5º.- Calendario e Regulamento Deportivo 2015.*
- 6º.- Vacinas NewCastle e Viruela.*
- 7º.- XLVIII Exposición Galega da Pomba Mensaxeira. (lugar e data de celebración)*
- 8º.- XL Exposición e Xornada Nacional da Pomba Mensaxeira (Tenerife do 7 ao 11 de Xaneiro do 2015).*
- 9º.- Incremento de 5 euros no prezo das licenzas nacionais para o ano 2015.*
- 10º.- Xestión de censos e novos rexistros de explotacións avícolas a realizar todos os anos por parte dos clubs e colombófilos.*
- 11º.- Previsión dun aluguer para un local federativo.*
- 12º.- Rogos e preguntas.*

1º.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Dáse lectura por parte do Sr. Secretario da Acta da sesión anterior, incluíndo a derradeira Acta da anterior Comisión Delegada, sendo aprobadas por unanimidade.

2º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DOS RESULTADOS DEPORTIVOS DA TEMPADA 2014.-

Logo de ser revisados os listados das clasificacións correspondentes a este ano 2014 detectouse un erro nas clasificacións dos campionatos autonómico. Acordase rectificar os erros producidos e unha vez emendados, enviarllos por correo electrónico aos clubs para a súa aprobación definitiva.

3º.- COÑECEMENTO DO BALANCE ECONÓMICO AO DIA DA DATA.- Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao balance económico ao 26 de Novembro, sendo aprobado por unanimidade. En canto a este punto, o Sr. Presidente fai fincapé aos clubs que eviten na medida do posible os retrasos nos pagos á Federación para non ter que recorrer a outro tipo de xestión dos saldos pendentes de regularizar.

4º.- ORZAMENTO ECONÓMICO PARA O ANO 2015.- Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao Orzamento económico para o ano 2015, sendo aprobado por unanimidade.

FEDERACION COLOMBOFILA GALLEGA

PRESUPUESTO ECONOMICO AÑO 2.015

I N G R E S O S:

VENTAS MATERIAL DEPORTIVO:.....	15.300,00	
- Anillas Nido (20.400)		
LICENCIAS FEDERATIVAS:	4.686,12	
- Licencias emitidas por F.C.G.		
SUBVENCIONES:	7.852,00	<i>¿ ?</i>
- Xunta de Galicia.		
APORTACIONES CLUBS GTOS. DESPLAZAMIENTO:	27.800,00	
- Aportaciones de los Clubs a los gastos de desplazamiento		
<u>INGRESOS.....</u>	<u>55.638,12</u>	

A D E D U C I R:

INMOVILIZACIONES MATERIALES:	67,68	
- Impresora Multifunción Amortizacion		
COMPRAS MATERIAL DEPORTIVO:.....	3.959,64	
- Anillas nido (20.400)		
GASTOS ACTIVIDADES DEPORTIVAS:	40.360,80	
- Trofeos.....	1.000,00	
- Transportes Palomas.....	27.800,00	
- Exposición Regional.....	1.750,00	
- Pienso para Seltas	150,00	
- Subvenciones Concursos Regionales	9.660,80	
GASTOS DE REPRESENTACION:	4.800,00	

FEDERACION COLOMBOFILA GALLEGA

- Juntas Directivas.....	250,00
- Comisión Deportiva	150,00
- Asambleas	600,00
- Desplazamientos Secretario	3.600,00
- Asambleas Nacional.....	<u>200,00</u>

SERVICIOS VARIOS: 5.550,00

- Comunicaciones.....	200,00
- Material de Oficina.....	750,00
- Portes Varios.....	75,00
- Gastos Varios	225,00
- Mantenimiento Programas.....	200,00
- Alquileres	3.600,00
- Impresión Licencias F.C.G.	375,00
- Conservación Inmovilizado.....	<u>125,00</u>

SERVICIOS PROFESIONALES INDEPENDIENTES: 750,00

- Asesores Externos.

GASTOS FINANCIEROS:..... 150,00

- Comisiones Bancarias

TOTAL GASTOS/AMORTIZACIONES..... 55.638,12

5º.- CALENDARIO E REGULAMENTO DEPORTIVO 2015.- Preséntanse ante os membros desta Asemblea tres propostas ao calendario deportivo para o vindeiro ano 2015, dúas propostas fainas a Federación (debido a que aínda non está constituída a Comisión Deportiva), e outra unha agrupación de clubs da zona sur (Provincia de Pontevedra). As propostas presentadas pola Federación consisten nun plan de voos sen a fase de Media Distancia e outro plan de voos incorporando a fase de Media Distancia. Todos os membros presentes acordan debater soamente este último e o presentado pola agrupación de clubs da Provincia de Pontevedra, quedando anulado o plan de voos sen a fase de Media Distancia presentado pola Federación.

Ábrese unha rolda de opinións aos distintos plans de voos presentados. Logo de debater sobre estes plans de voos lévase a cabo a votación aos mesmos para saber cal se aproba.

Proposta da Federación: 10 votos a favor e 5 votos en contra.

Proposta da agrupación de clubs: 5 votos a favor e 10 votos en contra.

Queda aprobado o plan de voos presentado pola Federación, sendo este o seguinte:

D. Enceste		D.Solta		Lugar da solta	Distancia	Galicia	España
07-mar	Sábado	08-mar	Domingo	P.Sanabria/Astorga	200	Entrenamiento	
14-mar	Sábado	15-mar	Domingo	Benavente	240/270	MF-M-SC	
21-mar	Sábado	22-mar	Domingo	Tordesillas	280/350	MF-M-SC	S-CE
28-mar	Sábado	29-mar	Domingo	Villacastín	380/420	MF-M-SC	S-CE
04-abr	Sábado	05-abr	Domingo	P.Sanabria/Astorga	200	Entrenamiento	
10-abr	Viernes	11-abr	Sábado	Benavente II	240/270	MD-SC	
10-abr	Viernes	12-abr	Domingo	Almazán	480/520	F-M-SL	
						Descanso	
24-abr	Viernes	25-abr	Sábado	Tordesillas II	280/350	MD-SC	
24-abr	Viernes	26-abr	Domingo	Alcázar San Juan	570/620	F-M-SL	S-CE
						Descanso	
						Descanso	
14-may	Jueves	16-may	Sábado	Almazán II	480/520	MD-SC	
14-may	Jueves	16-may	Sábado	Zaragoza	610/650	F-M-SL	S-CE
						Descanso	
						Descanso	
03-jun	Miercoles	05-jun	Viernes	Almazan III			PJ-CE
03-jun	Miércoles	05-jun	Viernes	Almansa	730/780	GF-M-SL	S-CE
						Descanso	
						Descanso	
						Descanso	
01-jul	Miércoles	03-jul	Viernes	Lloret de Mar	910/960	GF-M-SL	S-CE

Acórdase revisar o punto de solta de Almazán correspondente ao campionato nacional de pombas xóvenes, podendo ser substituído este punto de solta por outro distinto para que lles

dean as distancias aos socios da Provincia de Lugo, que xestionará a Comisión Deportiva desta Federación.

Apróbase alternar as probas de Gran Fondo (norte-sur) en anos alternos, para o ano 2016 os puntos de solta serían Manzanares e Cartagena.

Apróbase soltar os clubs da zona norte antes que os clubs da zona sur en todas as probas exceptuando a solta de Zaragoza, que soltarán primeiro os clubs da zona sur e logo os da zona norte, a diferenza de tempo de soltas será de media hora. Os clubs da provincia de Lugo serán os últimos en soltar.

Apróbase que a Comisión Deportiva terá a potestade de determinar a agrupación de clubs para a recollida das cestas onde acha un número reducido delas, co obxecto de reducir no máximo posible os gastos na recollida de cestas nos clubs.

Por último, o Sr. Presidente propón que este plan de voos sirva como columna vertebral permanente para vindeiros anos, salvo modificacións puntuais por causas xustificadas e en puntos moi concretos, dando a Asemblea a súa total conformidade, e que cada club ou agrupación de clubs poidan organizar as súas soltas sociais independentemente e sen interferir no calendario oficial aprobado nesta Asemblea.

Acórdase rectificar o Regulamento Deportivo en canto atinxe ao calendario deportivo aprobado nesta Asemblea.

6º.- VACINAS NEWCASTLE E VIRUELA.- Logo de debater entre os presente sobre as vacinas que se vaian a utilizar para vacinar ás pombas, lévase a cabo unha votación para determinar cales son as que e utilizarán, dando como resultado:
10 votos a favor e 5 en contra.

Quedando deste xeito aprobado nesta Asemblea a obrigatoriedade de utilizar as vacinas: HIPRAVIAR (Newcastle) e HIPRAVOX (Viruela).

O Sr. Presidente fai intervención para solicitar de todos os presidentes dos clubs á seriedade e compromiso de vacinar todas as pombas utilizando ditas vacinas, asemade, independentemente da obriga de notificar as datas de vacinación á Federación, esta poderá solicitar o correspondente certificado de vacinación coas vacinas acordadas pola Asemblea para poder concorrer aos distintos eventos deportivos organizados pola Federación.

7º.- XLVIII EXPOSICIÓN GALEGA DA POMBA MENSAXEIRA- Ponse en coñecemento de todos os presentes que se ofreceu voluntario o club Pombas Mensaxeiras de Nigrán para

organizar a vindeira Exposición Galega da Pomba Mensaxeira.

A data para organizar a Exposición serán os días 24 e 25 de Xaneiro de 2015.

O presidente do club organizador comenta que se están levando a cabo os traballos de organización, tan pronto teñan a cartelería preparada faranse chegar tanto aos clubs como a páxina web da Federación.

8º.- XL EXPOSICIÓN E XORNADA NACIONAL DA POMBA MENSAXEIRA.- Ponse en coñecemento de todos os presentes que a Exposición Nacional celebrárase en Tenerife do 7 ao 11 de Xaneiro de 2015.

Debido ás datas tan próximas de celebración de esta exposición e ao non dispoñer de tempo suficiente para organizar a nosa exposición antes destas datas, acordase nesta reunión non enviar pombas á exposición nacional, salvo aquelas pombas que para poder competir na exposición nacional non teñan que ir á exposición rexional.

9º.- INCREMENTO DE 5 EUROS NO PREZO DAS LICENZAS NACIONAIS PARA O ANO 2015.- Toma a palabra o Sr Presidente para poñer en coñecemento dos membros asistentes que se aprobou na última reunión da Asemblea da RFCE o incremento en 5 euros no prezo da licenza nacional absoluta. Aprobase nesta reunión manter o mesmo prezo das licenzas autonómicas para o vindeiro ano 2015.

10º.- XESTIÓN DE NOVOS REXISTROS DE EXPLOTACIÓNS AVICOLAS A REALIZAR TODOS OS ANOS POR PARTE DOS CLUBS.- Acórdase nesta reunión que a partir de agora deberán ser os clubs os que tramiten a documentación dos novos socios ante a Consellería de Sanidade Animal da Xunta de Galicia. Achegarase a todos os clubs vía correo electrónico toda a documentación necesaria para realizar ditos trámites.

11º.- PREVISIÓN DE ALUGUER DUN LOCAL FEDERATIVO.- Toma a palabra o Sr. Presidente para comunicar aos asistentes a necesidade de alugar un local para fins federativos, acordándose nesta reunión buscar un local acorde coas necesidades da Federación.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Camilo.- Posibilidade de retomar o tema das negociacións da solta internacional conxuntamente coa Federación Portuguesa dende Igualada.

É autorizado por parte desta Asemblea para seguir cos trámites oportunos.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as catorce horas e dez minutos do día da data.

Asdo: Eliseo Castro López
- Presidente -

Asdo. Manuel Rey San Luis
- Secretario –